



Programación

Outeiro de Rei, vila natal de Manuel María, acollerá o sábado, 14 de xullo, o Convivio da Cultura Galega, que chega xa á súa quinta edición. Esta xornada lúdica e festiva, de convivencia, de recuperación do espírito comunitario da tradicional romaría de Santa Isabel de Outeiro de Rei, está aberta a todas as persoas e a todo o asociacionismo cultural de base que se move en Galiza.

11.30 Acolhida na horta da Casa-Museo Manuel María. Actuación do grupo de música tradicional Untia e do coro da Asociación Cultural e Musical Solfa

12.30 Ofrenda floral a Manuel María no cemiterio de Outeiro

13.00 Concerto da Banda Municipal de Música "Sons e Soños" de Rábade-Begonte-Outeiro, dirixida por Armando Morales Blanco, na Carballeira de Santa Isabel

14.00 Xantar na carballeira (cada quen trae a súa comida)

16.30 Títeres. O grupo de teatro Pereira de Lobos representa "Berenguela. Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo"

17.00 Foliada, para cantar e bailar, con distintos grupos de música tradicional (Untia, Treboada, Birloque Gaiteiros, Coitelo de pau, Parabéns, Reviravolta, Cantareir@s.comTigo...). Anima Xurxo Souto